

**Borrador do Decreto       /2014, do    de       , polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos**

# Índice

---

<b>CAPÍTULO I</b> .....	<b>6</b>
<b>Disposicións xerais</b> .....	<b>6</b>
Artigo 1. <i>Obxecto e ámbito de aplicación</i> .....	6
Artigo 2. <i>Finalidade e obxectivos da formación profesional básica</i> .....	7
<b>CAPÍTULO II</b> .....	<b>7</b>
<b>Ordenación e organización das ensinanzas de formación profesional básica</b> .....	<b>7</b>
Artigo 3. <i>Ordenación das ensinanzas</i> .....	8
Artigo 4. <i>Duración dos ciclos formativos</i> .....	8
Artigo 5. <i>Organización dos ciclos formativos</i> .....	8
Artigo 6. <i>Módulos profesionais</i> .....	8
Artigo 7. <i>Organización e estrutura e dos módulos profesionais</i> .....	8
Artigo 8. <i>Tipos de módulos profesionais</i> .....	9
Artigo 9. <i>Módulo profesional de formación en centros de traballo</i> .....	10
Artigo 10. <i>Titoría</i> .....	10
<b>CAPÍTULO III</b> .....	<b>11</b>
<b>Currículos dos ciclos formativos de formación profesional básica</b> .....	<b>11</b>
Artigo 11. <i>Estrutura dos currículos</i> .....	11
Artigo 12. <i>Competencias e contidos de carácter transversal</i> .....	11
Artigo 13. <i>Desenvolvemento curricular por parte do centro</i> .....	12
Artigo 14. <i>Metodoloxía</i> .....	12
<b>CAPÍTULO IV</b> .....	<b>13</b>
<b>Oferta, acceso, admisión e matrícula na formación profesional básica</b> .....	<b>13</b>
Artigo 15. <i>Oferta de ciclos formativos e requisitos de acceso</i> .....	13
Artigo 16. <i>Admisión aos ciclos formativos</i> .....	13
Artigo 17. <i>Matrícula nos ciclos formativos</i> .....	14
<b>Capítulo V</b> .....	<b>14</b>
<b>Formación profesional dual na formación profesional básica</b> .....	<b>14</b>
Artigo 18. <i>Modalidade de formación profesional dual</i> .....	14
Artigo 19. <i>Módulos profesionais obxecto de formación na empresa</i> .....	14
Artigo 20. <i>Centros participantes</i> .....	14
Artigo 21. <i>Oferta de formación profesional básica pola modalidade de formación profesional dual</i> .....	15
Artigo 22. <i>Acordos de colaboración</i> .....	15
<b>CAPÍTULO VI</b> .....	<b>15</b>
<b>Avaliación, validacións e exencións na formación profesional básica</b> .....	<b>15</b>
Artigo 23. <i>Avaliación</i> .....	15
Artigo 24. <i>Validacións e exencións</i> .....	16
<b>CAPÍTULO VII</b> .....	<b>17</b>
<b>Títulos profesionais básicos e os seus efectos</b> .....	<b>17</b>

Artigo 25. <i>Estrutura dos títulos.</i> .....	17
Artigo 26. <i>Vías para obtención dos títulos.</i> .....	17
Artigo 27. <i>Efectos dos títulos.</i> .....	17
<b>CAPÍTULO VIII</b> .....	<b>18</b>
<b>Implantación das ensinanzas de formación profesional básica</b> .....	<b>18</b>
Artigo 28. <i>Centros docentes.</i> .....	18
Artigo 29. <i>Espazos e equipamentos.</i> .....	18
Artigo 30. <i>Profesorado.</i> .....	19
<b>CAPÍTULO IX</b> .....	<b>20</b>
<b>Atención á diversidade e programas formativos adaptados</b> .....	<b>21</b>
Artigo 31. <i>Atención á diversidade.</i> .....	21
Artigo 32. <i>Flexibilización modular na formación profesional básica.</i> .....	21
Artigo 33. <i>Programas formativos para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais e específicas de apoio educativo.</i> .....	21
Artigo 34. <i>Accesibilidade universal.</i> .....	22
Disposición adicional primeira. <i>Establecemento dos currículos.</i> .....	22
Disposición adicional segunda. <i>Axudas individualizadas de transporte escolar.</i> .....	22
Disposición adicional terceira. <i>Distribución horaria.</i> .....	22
Disposición transitoria primeira. <i>Profesorado ao que fai referencia o artigo 93 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que viñera impartindo módulos formativos de carácter xeral dun Programa de Cualificación Profesional Inicial.</i> .....	23
Disposición transitoria segunda. <i>Alumnos e alumnas matriculados no curso académico 2013/2014 no primeiro curso dun Programa de Cualificación Profesional Inicial.</i> .....	23
Disposición transitoria terceira. <i>Formación profesional dual nos ciclos de formación profesional básica.</i> .....	23
Disposición derradeira primeira. <i>Implantación dos ciclos de formación profesional básica.</i> .....	24
Disposición derradeira segunda. <i>Modificación de la implantación de ensinanzas de formación profesional.</i> .....	24
Disposición derradeira terceira. <i>Desenvolvemento normativo.</i> .....	24
Disposición derradeira cuarta. <i>Entrada en vigor.</i> .....	25

*Decreto █/2014, do █ de █, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos*

O Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, a desenvolvan.

A Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ordena un sistema integral de formación profesional, cualificacións e acreditación que poida responder con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, en cuxo marco se deben orientar as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación dos traballadores e das traballadoras.

A citada lei define a formación profesional como un conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica, e abrangue as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores e das traballadoras, así como as accións orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e a actualización permanente das competencias profesionais. A lei establece como un dos fins do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional o de promover unha oferta formativa de calidade, actualizada e adecuada ás súas persoas destinatarias, consonte as necesidades de cualificación do mercado laboral e as expectativas persoais de promoción profesional.

Así mesmo, establece que a Administración xeral do Estado, de conformidade co que se dispón no artigo 149.1.30<sup>a</sup> e 7<sup>a</sup> da Constitución española, e logo da consulta ao Consello Xeral de Formación Profesional, determinará os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade que constitúan as ofertas de formación profesional referidas ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, creado pola propia lei e regulado polo Real decreto 1128/2003, do 5 de setembro, modificado polo Real decreto 1416/2005, cuxos contidos poderán ampliar as administracións educativas, no ámbito das súas competencias. Os títulos de formación profesional e os certificados de profesionalidade terán carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado, e serán expedidos polas administracións competentes, a educativa e a laboral, respectivamente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, dispón que o Goberno do Estado, logo de consulta ás comunidades autónomas, establecerá as titulacións correspondentes aos estudos de formación profesional, así como os aspectos básicos do currículo de cada unha delas. Así mesmo, establece no seu capítulo III que se entende por currículo a regulación dos elementos que determinan os

procesos de ensino e aprendizaxe de cada unha das ensinanzas reguladas pola citada lei.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, na súa alínea terceira do artigo único, introduce a alínea 10 no artigo 3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e crea os ciclos de formación profesional básica, indicando que serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto.

Así mesmo, na alínea tinta e tres e seguintes da Lei orgánica 8/2013, modifícase a Lei orgánica 2/2006, incluíndo os ciclos formativos dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para facilitar a permanencia dos alumnos e as alumnas no sistema educativo e ofrecerlles maiores posibilidades para o seu desenvolvemento persoal e profesional. Estes ciclos incorporan, ademais dos módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, módulos relacionados cos bloques comúns de Ciencias aplicadas e de Comunicación e ciencias sociais, que permitirán aos alumnos e ás alumnas alcanzaren e desenvolveren as competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida para proseguiren estudos de ensino secundario postobrigatorio.

De acordo co artigo 7 do Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo.

O Real decreto █/2014, do █/de abril, polo que se aproban sete títulos profesionais básicos do catálogo de títulos das ensinanzas de formación profesional.

No seu artigo 5.2, o Real decreto 127/2014 establece que lle corresponde á consellería con competencias en materia de educación establecer os currículos correspondentes aos títulos de formación profesional básica no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este decreto desenvolve o currículo de vinte e un ciclos formativos de formación profesional básica, adaptándoos ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

A inclusión da formación relativa á prevención de riscos laborais, de obrigada impartición en todos os ciclos formativos de formación profesional básica, aumenta a empregabilidade do alumnado que supere estas ensinanzas e facilita a súa incorporación ao mundo do traballo, ao capacitalo para levar a cabo responsabilidades profesionais equivalentes ás que precisan as actividades de nivel básico en prevención de riscos laborais, establecidas no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de

prevención.

Así mesmo, coa finalidade de facilitar a formación ao longo da vida, establécese a división de determinados módulos profesionais en unidades formativas de menor duración, respectando, en todo caso, a necesaria coherencia da formación asociada a cada unha delas.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, conforme os ditames do Consello Galego de Formación Profesional e do Consello Escolar de Galicia, oído o Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día █ de █ de dous mil catorce,

DISPOÑO:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este decreto ten por obxecto:

1. Establecer a estrutura, a organización e a regulamentación xeral da formación profesional básica do sistema educativo de Galicia.

2. Establecer os currículos que serán de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia para as ensinanzas de formación profesional básica relativas aos títulos establecidos:

a) No Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro:

- Anexo I: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Servizos Administrativos.
- Anexo II: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Electricidade e Electrónica.
- Anexo III: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Fabricación e Montaxe.
- Anexo IV: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Informática e Comunicacions.
- Anexo V: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Cociña e Restauración.
- Anexo VI: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Mantemento de Vehículos.
- Anexo VII: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Agroxardinaría e Composicións Florais.
- Anexo VIII: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Peiteado e Estética.

- Anexo IX: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Servizos Comerciais.
- Anexo X: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Carpintaría e Moble.
- Anexo XI: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Reforma e Mantemento de Edifícios.
- Anexo XII: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Arranxos e Reparación de Artigos Têxtils e de Pel.
- Anexo XIII: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Tapizaría e Cortinaxe.
- Anexo XIV: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Vidraría e Olaría.

b) No Real decreto █/2014, do █/de abril, polo que se aproban sete títulos profesionais básicos do catálogo de títulos das ensinanzas de formación profesional:

- Anexo XV: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Actividades Agropecuarias.
- Anexo XVI: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Actividades Marítimo-pesqueiras.
- Anexo XVII: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Aloxamento e Lavandaría.
- Anexo XVIII: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Aproveitamentos Forestais.
- Anexo XIX: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Artes Gráficas.
- Anexo XX: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Industrias Alimentarias.
- Anexo XXI: currículo do ciclo formativo de formación profesional básica do título profesional básico en Informática de Oficina.

## *Artigo 2. Finalidade e obxectivos da formación profesional básica.*

Ademais dos fins o os obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional, as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos profesionais básicos, segundo o artigo 40.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, contribuirán, ademais, a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

## CAPÍTULO II

### **Ordenación e organización das ensinanzas de formación profesional básica**

### *Artigo 3. Ordenación das ensinanzas.*

1. As ensinanzas de formación profesional básica forman parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e deben responder a un perfil profesional. Así mesmo, ordenaranse en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable.

2. O perfil profesional incluírá polo menos unha cualificación profesional completa de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.

### *Artigo 4. Duración dos ciclos formativos.*

1. A duración dos ciclos formativos de formación profesional básica será de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo. Esa duración poderá ser ampliada a tres cursos académicos nos casos en que os ciclos formativos sexan incluídos en programas ou proxectos de formación profesional dual, co obxecto de que os alumnos e as alumnas adquiran a totalidade dos resultados de aprendizaxe incluídos no título.

2. Na oferta á que se fai referencia no artigo 15.1, os alumnos e as alumnas poderán permanecer cursando un ciclo de formación profesional básica durante un máximo de catro anos.

### *Artigo 5. Organización dos ciclos formativos.*

3. A organización flexible destas ensinanzas adaptárase ás posibles situacións presentadas polos alumnos e as alumnas.

4. Procurarase que o número de profesores e profesoras que impartan docencia nun mesmo grupo de formación profesional básica sexa o máis reducido posible, respectando os elementos educativos e o horario do conxunto dos módulos profesionais incluídos no título, segundo o establecido nos currículos dos ciclos formativos da formación profesional básica.

### *Artigo 6. Módulos profesionais.*

Os módulos profesionais das ensinanzas de formación profesional básica estarán constituídos por áreas de coñecemento teórico-prácticas cuxo obxecto é a adquisición das competencias profesionais, persoais e sociais, así como das competencias da aprendizaxe permanente ao longo da vida.

### *Artigo 7. Organización e estrutura e dos módulos profesionais.*

1. Os módulos profesionais dos títulos profesionais básicos estarán expresados en termos de resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos, tomando como referencia as competencias profesionais, persoais e sociais ou da aprendizaxe permanente que se pretende desenvolver a través do módulo profesional.

2. A súa organización e a súa estrutura responderá á dos módulos profesionais



do resto de ensinanzas da formación profesional do sistema educativo en Galicia.

### *Artigo 8. Tipos de módulos profesionais.*

1. Os ciclos formativos de formación profesional básica incluírán os seguintes módulos profesionais:

a) Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

b) Módulos asociados aos bloques comúns establecidos no artigo 42.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que garantirán a adquisición das competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo:

b.1) Módulo de Comunicación e sociedade I, e módulo de Comunicación e sociedade II, nos que se desenvolven competencias do bloque común de Comunicación e ciencias sociais, que abranguen as seguintes materias:

1<sup>a</sup>) Lingua galega.

2<sup>a</sup>) Lingua castelá.

3<sup>a</sup>) Lingua estranxeira.

4<sup>a</sup>) Ciencias sociais.

b.2) Módulo de Ciencias aplicadas I e módulo de Ciencias aplicadas II, nos que se desenvolven competencias das materias do bloque común de Ciencias aplicadas, que abrangue as seguintes materias:

1<sup>a</sup>) Matemáticas aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional.

2<sup>a</sup>) Ciencias aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional.

c) Módulo de formación en centros de traballo.

Así mesmo, os ciclos formativos de formación profesional básica poderán incluír outros módulos non asociados a unidades de competencia relacionados co perfil profesional do título.

2. Os módulos profesionais de Comunicación e sociedade e de Ciencias aplicadas terán como referente o currículo das materias da educación secundaria obrigatoria incluídas no bloque común correspondente e o perfil profesional do título de formación profesional básica en que se inclúen.

3. Estes módulos profesionais serán de oferta obrigatoria en primeiro e en segundo curso, e estarán contextualizados no campo profesional do perfil do título.

4. A formación incluída para a obtención dos resultados de aprendizaxe relativos á lingua estranxeira dos módulos profesionais de Comunicación e

sociedade I, e de Comunicación e sociedade II poderá ser ofrecida en unidades formativas diferenciadas cando así se precise, en función da acreditación da competencia lingüística do profesorado que imparta o ciclo.

5. A carga horaria do conxunto dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade, e Ciencias aplicadas será, con carácter xeral, entre o 35 % e o 40 % da duración total do ciclo, incluída a titoría semanal. Con todo, para determinados grupos específicos, a consellería con competencia en materia de educación poderá reducir o mínimo ata o 22% da devandita duración, garantindo, en calquera caso, a adquisición de todos os resultados de aprendizaxe dos citados módulos profesionais.

#### *Artigo 9. Módulo profesional de formación en centros de traballo.*

1. O módulo profesional de formación en centro de traballo responderá ao establecido con carácter xeral para o conxunto das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia.

2. A consellería con competencias en educación, determinará o momento no que debe cursarse o módulo profesional de formación en centros de traballo dos ciclos profesionais básicos, en función das características do perfil profesional e da dispoñibilidade de postos formativos nas empresas.

3. Con anterioridade ao comezo do módulo de formación en centros de traballo, os alumnos e as alumnas deberán adquirir as competencias e os contidos relativos aos riscos específicos e ás medidas de prevención nas actividades profesionais correspondentes ao perfil profesional de cada título profesional básico, segundo se requira na normativa en materia de prevención de riscos laborais.

4. De xeito excepcional, poderase ofrecer a realización do módulo profesional de formación en centros de traballo establecida nos ciclos profesionais básicos en centros educativos ou en institucións públicas. Nestes casos, disporanse as actividades adecuadas para o seu desenvolvemento baixo a supervisión dunha persoa profesional que cumpra a función de titor ou titora de empresa, que responda a un perfil adecuado aos resultados de aprendizaxe do módulo e que non imparta docencia no ciclo formativo.

5. Así mesmo, tamén de maneira excepcional, a consellería con competencias en materia educativa poderá dispor medidas de prelación para os alumnos e as alumnas con discapacidade na selección das empresas que participan no desenvolvemento do módulo de formación en centros de traballo, co fin de garantir os seus dereitos en relación co disposto na normativa en materia de accesibilidade e deseño universais.

6. A duración deste módulo profesional representará, con carácter xeral, un mínimo do 12 % da duración total do ciclo formativo.

#### *Artigo 10. Titoría.*

A titoría nos ciclos formativos de formación profesional básica aterase ao establecido con carácter xeral para o conxunto das ensinanzas de formación

profesional do sistema educativo en Galicia e, en particular:

1. A titoría e a orientación educativa e profesional terán unha especial consideración na organización do ciclo formativo.

2. A acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo dos alumnos e as alumnas, e contribuirá á adquisición de competencias sociais e ao desenvolvemento da súa autoestima, así como a fomentar as habilidades e as destrezas que lles permitan programar e xestionar o seu futuro educativo e profesional.

3. Cada grupo de formación profesional básica contará cunha titoría de polo menos unha hora lectiva semanal en cada curso.

4. O titor ou a titora realizará unha programación anual da acción titorial recollida no proxecto educativo do centro. Esa programación recollerá os aspectos específicos do grupo ao que se dirixe para conseguir o establecido na alínea 2, e incluírá actividades específicas de información e orientación que garantan ao alumnado unha adecuada toma de decisións sobre o seu itinerario educativo e profesional ao termo do ciclo de formación profesional básica.

## CAPÍTULO III

### **Currículos dos ciclos formativos de formación profesional básica**

#### *Artigo 11. Estrutura dos currículos.*

A estrutura dos currículos dos ciclos formativos de formación profesional básica será a mesma que para o resto da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

#### *Artigo 12. Competencias e contidos de carácter transversal.*

1. As ensinanzas de formación profesional básica incluírán de xeito transversal no conxunto de módulos profesionais do ciclo os aspectos relativos ao traballo en equipo, á prevención de riscos laborais, ao emprendemento, á actividade empresarial e á orientación laboral dos alumnos e as alumnas, que terán como referente para a súa concreción as materias da educación básica e as exixencias do perfil profesional do título e as da realidade produtiva.

2. Ademais, incluíranse aspectos relativos ás competencias e os coñecementos relacionados co respecto polo ambiente e, de acordo coas recomendacións dos organismos internacionais e o establecido na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, coa promoción da actividade física e a dieta saudable, acorde coa actividade que se desenvolva.

3. Así mesmo, terán un tratamento transversal as competencias relacionadas coa comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, e a educación cívica e constitucional.

4. O currículo dos títulos profesionais básicos incluírán os elementos necesarios para garantir que as persoas que os cursen desenvolvan as competencias vinculadas ao "deseño universal".

5. A consellería con competencias en educación fomentará o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, nomeadamente en relación cos dereitos das persoas con discapacidade, así como a aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz e o respecto polos dereitos humanos, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

6. De igual xeito, garantirá a certificación da formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais cando así o requira o sector produtivo correspondente ao perfil profesional do título. Para iso, poderase organizar como unha unidade formativa específica no módulo profesional de formación en centros de traballo.

7. Para garantir a incorporación das competencias e os contidos de carácter transversal nestas ensinanzas, na programación dos módulos profesionais que configuran cada ciclo formativo básico da formación profesional deberán identificarse con claridade o conxunto de actividades de aprendizaxe e de avaliación asociadas ás devanditas competencias e aos contidos.

### *Artigo 13. Desenvolvemento curricular por parte do centro.*

1. O centro educativo concretará e desenvolverá o currículo dos ciclos formativos de formación profesional básica, no uso da súa autonomía, tal como se recolle no capítulo II del título V da Lei orgánica 2/2006, de educación. Para esta concreción terase en conta a realidade social e económica e as características xeográficas, socioprodutivas e de recursos humanos do seu ámbito.

2. Os centros educativos desenvolverán o currículo das ensinanzas de formación profesional básica mediante a elaboración das correspondentes programacións para cada módulo profesional, de acordo coas especificacións para o resto da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

### *Artigo 14. Metodoloxía.*

A metodoloxía nos ciclos formativos de formación profesional básica aterase ao establecido para o resto da formación profesional do sistema educativo de Galicia e, en particular:

1. Terá carácter globalizador e tenderá á integración de competencias e contidos entre os módulos profesionais que se inclúen en cada título. O devandito carácter integrador orientará a programación de cada módulo e a actividade

docente.

2. Adaptarase ás necesidades dos alumnos e as alumnas e á adquisición progresiva das competencias da aprendizaxe permanente, para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

## CAPÍTULO IV

### **Oferta, acceso, admisión e matrícula na formación profesional básica**

#### *Artigo 15. Oferta de ciclos formativos e requisitos de acceso.*

1. A consellería con competencias en educación establecerá a oferta obrigatoria para o alumnado que cumpra de forma simultánea os seguintes requisitos

- a) Ter quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, e non superar os dezasete anos no momento do acceso nin durante o ano natural en curso.
- b) Ter cursado o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.
- c) Ser propostos/as polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

2. A oferta obrigatoria poderá cursarse na modalidade presencial ou na modalidade de formación profesional dual.

3. O consello orientador ao que se refire o artigo 28.7 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ademais da proposta do equipo docente, deberá conter a identificación, mediante informe motivado, do grao do logro dos obxectivos e de adquisición das competencias correspondentes que xustifica a proposta. O consello orientador incluírase no expediente do alumno ou da alumna, xunto co documento de consentimento dos pais, as nais ou os/as titores/as legais, para que curse estas ensinanzas.

4. Ademais da oferta obrigatoria, poderanse ofrecer ciclos de formación profesional básica para as persoas que superen os 17 anos e que non estean en posesión dun título de formación profesional ou de calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos. Estes ciclos formativos poderán realizarse nas modalidades presencial ou a distancia, ou na modalidade de formación profesional dual.

5. Cando exista dispoñibilidade de prazas, poderanse completar os grupos da oferta obrigatoria con persoas que cumpran os requisitos establecidos no punto anterior, nas condicións que se determinen.

#### *Artigo 16. Admisión aos ciclos formativos.*

A consellería con competencias en materia de educación establecerá os criterios de admisión segundo a oferta de prazas que teña programadas para os ciclos formativos de formación profesional básica, para o que poderá ter en conta os criterios de idade da persoa solicitante e a situación dos seus estudos, así como das posibilidades de continuación no sistema educativo, entre outros.

#### **Artigo 17. Matrícula nos ciclos formativos.**

No caso da oferta obrigatoria, a matrícula realizarase para cada curso académico en que se organicen as ensinanzas que conforman o ciclo formativo.

### **Capítulo V**

#### **Formación profesional dual na formación profesional básica**

##### **Artigo 18. Modalidade de formación profesional dual.**

1. A formación profesional dual na formación profesional básica constitúe unha modalidade da oferta dos ciclos formativos de formación profesional básica.

2. Esta modalidade formativa ten por obxecto a cualificación profesional dos alumnos e das alumnas nun réxime de alternancia da actividade laboral nunha empresa ou institución coa actividade formativa recibida no marco do sistema educativo.

3. A formación inherente a esta modalidade será a necesaria para a obtención do título profesional básico correspondente, sen prexuízo de poder incluír formación complementaria para dar resposta tanto ás necesidades do alumnado como ás necesidades das empresas.

##### **Artigo 19. Módulos profesionais obxecto de formación na empresa.**

1. Os módulos profesionais non asociados aos bloques comúns poderán ser parcialmente ou totalmente impartidos en empresas ou institucións, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

2. Os módulos profesionais asociados aos bloques comúns serán impartidos na súa totalidade nos centros educativos.

##### **Artigo 20. Centros participantes.**

A formación profesional básica pola modalidade de formación profesional dual poderá ser impartida nos centros docentes autorizados pola consellería con competencias en materia de educación.

En calquera caso, os centros deberán contar con contornos produtivos que cumpran requisitos idóneos para a implantación desta modalidade, de conformidade coas características de:

- a) A actividade profesional á que responde o ciclo formativo.

- b) As empresas do contorno do centro educativo.
- c) A formación implicada en cada ciclo formativo.

### *Artigo 21. Oferta de formación profesional básica pola modalidade de formación profesional dual.*

1. Tendo en conta a actividade profesional e os sectores produtivos das empresas do seu contorno, o centro educativo poderá ofrecer formación profesional básica pola modalidade de formación profesional dual despois de ser autorizado pola consellería con competencias en materia de educación, de maneira que os alumnos ou as alumnas dun mesmo grupo realicen distintos perfís profesionais conducentes a distintos títulos profesionais básicos.

2. Cando o grupo de alumnos ou alumnas realice distintos perfís profesionais, e coa finalidade de aproveitar optimamente os recursos, a docencia dos módulos dos bloques comúns realizarase co grupo completo.

### *Artigo 22. Acordos de colaboración.*

A consellería con competencias en materia de educación determinará as condicións en que os centros educativos poderán realizar os acordos de colaboración entre o centro educativo e as empresas ou institucións necesarios para o establecemento de proxectos de formación profesional dual.

## **CAPÍTULO VI**

### **Avaliación, validacións e exencións na formación profesional básica**

#### *Artigo 23. Avaliación.*

Con carácter xeral, no proceso de avaliación nas ensinanzas de formación profesional básica estarase ao establecido con carácter xeral para o conxunto das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e en particular:

1. A avaliación dos alumnos e as alumnas dos ciclos de formación profesional básica terá carácter continuo, formativo e integrador, permitirá orientar as súas aprendizaxes e as programacións educativas, e realizarase por módulos profesionais.

2. O alumnado matriculado nun centro terá dereito a un máximo de dúas convocatorias anuais cada un dos catro anos en que pode estar a cursar estas ensinanzas para superar os módulos en que se estea matriculado, excepto o módulo de formación en centros de traballo, que poderá ser obxecto de avaliación unicamente en dúas convocatorias.

3. Os alumnos e as alumnas, sen superar o prazo máximo establecido de permanencia, poderán repetir cada curso unha soa vez como máximo, aínda que excepcionalmente poderán repetir un dos cursos unha segunda vez, logo do informe favorable do equipo docente.

4. A avaliación estará adaptada ás necesidades e á evolución dos alumnos e as alumnas, nomeadamente para das persoas en situación de discapacidade, para as que se incluírán medidas de accesibilidade que garantan unha participación non discriminatoria nas probas de avaliación.

5. O alumno ou a alumna poderá obter a promoción a segundo curso cando os módulos profesionais asociados a unidades de competencia pendentes non superen o 20 % do horario semanal; con todo, deberá matricularse dos módulos profesionais pendentes de primeiro curso. Os centros deberán organizar as consecuentes actividades de recuperación e avaliación dos módulos profesionais pendentes.

6. O módulo de formación en centro de traballo, con independencia do momento en que se realice, avaliarase logo de alcanzada a avaliación positiva nos módulos profesionais asociados ás unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no período de formación en centros de traballo correspondente.

7. No caso de que os módulos se organicen en unidades formativas de menor duración, esas unidades poderán ser certificadas, e a certificación será válida no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. A superación de todas as unidades formativas que constitúen o módulo profesional dará dereito á certificación deste, con validez en todo o territorio do Estado.

#### *Artigo 24. Validacións e exencións.*

1. Aplicarase a normativa vixente en materia de validación e exención de módulos profesionais incluídos nos títulos profesionais básicos nas condicións e mediante os procedementos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia.

2. Quen superara os módulos de Comunicación e sociedade I e II, e Ciencias aplicadas I e II en calquera dos ciclos formativos de formación profesional básica correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, terá validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo de formación profesional básica.

3. Os alumnos e as alumnas que cursaran un programa de cualificación profesional inicial e superaran os módulos formativos obrigatorios do ámbito de comunicación e do ámbito social que, ademais, superaran un módulo de Lingua estranxeira, ben establecido pola consellería con competencias en materia de educación ou ben de oferta dos centros, no ámbito das súas competencias, poderán obter a validación do módulo profesional de Comunicación e sociedade I.

Así mesmo, quen superara o módulo formativo obrigatorio do ámbito científico-tecnolóxico poderá obter a validación do módulo profesional de Ciencias aplicadas I.

4. O alumnado matriculado na oferta á que se refire o artigo 15.4 deste decreto poderá obter, ademais, as seguintes validacións:

a) Quen teña superadas as materias do cuarto curso da educación secundaria



obligatoria en calquera das súas modalidades, incluídas no bloque de Comunicación e ciencias sociais, terá validado os módulos Comunicación e sociedade I e II.

b) Quen cumpra algún dos seguintes requisitos poderá obter a validación dos módulos profesionais de Ciencias aplicadas I e II:

b.1) Ter superadas as materias de Matemáticas orientadas ás ensinanzas académicas e Bioloxía e xeoloxía, ou Física e química da modalidade de ensinanzas académicas do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

b.2) Ter superadas as materias de Matemáticas orientadas as ensinanzas aplicadas e Ciencias aplicadas á actividade profesional da modalidade de ensinanza aplicada do cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

## CAPÍTULO VII

### Títulos profesionais básicos e os seus efectos

#### *Artigo 25. Estrutura dos títulos.*

Os títulos profesionais básicos terán a mesma estrutura que o resto de títulos das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, e incluírán ademais as competencias da aprendizaxe permanente.

#### *Artigo 26. Vías para obtención dos títulos.*

1. O alumno ou a alumna que supere un ciclo de formación profesional básica obterá o título profesional básico correspondente ás ensinanzas cursadas.

2. As persoas maiores de 18 anos que superen a proba para a obtención directa do título profesional básico á que se refire o artigo 69.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, recibirán o título profesional básico correspondente.

3. As persoas maiores de 22 anos que teñan acreditadas todas as unidades de competencia incluídas nun título profesional básico, ben a través de certificados de profesionalidade de nivel 1 ou ben polo procedemento establecido de avaliación e acreditación de competencias profesionais, recibirán o título profesional básico correspondente.

#### *Artigo 27. Efectos dos títulos.*

1. O título profesional básico terá valor académico e profesional.

2. O título profesional básico permitirá o acceso aos ciclos formativos de grao medio.

3. As persoas que estean en posesión dun título profesional básico poderán obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria por calquera das dúas opcións previstas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, mediante a superación da proba de avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

4. Os alumnos e as alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados, que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e formación profesional.

5. O título profesional básico terá os mesmos efectos laborais que o título de graduado en educación secundaria obrigatoria para o acceso a empregos públicos e privados.

6. Os títulos profesionais básicos non constitúen unha regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

7. No caso de que o perfil profesional inclúa a posibilidade de desempeñar profesións reguladas ou exixencias específicas para unha ocupación concreta, recolleranse, como información complementaria en cada título de formación profesional básica, sen menoscabo do disposto na alínea 6 desta disposición.

8. A formación conducente á obtención dos títulos profesionais básicos capacitará para levar a cabo as funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais recollidas no artigo 35 do Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, e na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais.

## CAPÍTULO VIII

### **Implantación das ensinanzas de formación profesional básica**

#### *Artigo 28. Centros docentes.*

1. Os ciclos de formación profesional básica, conforme a programación da oferta de prazas destas ensinanzas, serán implantados nos centros que determine a consellería con competencias en materia educativa.

2. A estes centros seralles de aplicación o establecido con carácter xeral para o conxunto das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia.

3. A consellería con competencias en materia educativa autorizará o número de alumnos e alumnas por cada ciclo formativo de formación profesional básica en función das características deste, da localización do centro educativo e da organización de grupos específicos. En calquera caso, na modalidade presencial, o número máximo será de 30 alumnos ou alumnas por unidade escolar, sen prexuízo do establecido no artigo 87.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

#### *Artigo 29. Espazos e equipamentos.*

1. Os espazos e os equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento dos ciclos de formación profesional básica quedarán establecidos para Galicia nos currículos de cada título profesional básico.

2. Os espazos e os equipamentos deberán garantir o desenvolvemento das

actividades de ensino que permitan a adquisición do conxunto dos resultados de aprendizaxe incluídos en cada título.

3. Os espazos disporán da superficie necesaria e suficiente para desenvolver as actividades de ensino que se deriven dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) A superficie establecerase en función do número de persoas que ocupen o espazo formativo, e deberá permitir o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe coa ergonomía e a mobilidade requiridas dentro deste.
- b) Deberán cubrir a necesidade espacial de moblaxe, equipamento e instrumentos auxiliares de traballo.
- c) Deberán respectar os espazos ou superficies de seguridade que exixan as máquinas e os equipamentos en funcionamento.
- d) Cumprirán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo e cantas outras normas sexan de aplicación.
- e) Poderán ser ocupados por diferentes grupos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos ou etapas educativas. A diferenciación dos espazos formativos poderá realizarse sen necesidade de pechamentos, agás cando así o requiran a racionalidade da oferta educativa e a economía na xestión dos recursos públicos.

4. Os equipamentos serán os necesarios e suficientes para garantir aos alumnos e ás alumnas o logro dos resultados de aprendizaxe e a calidade do ensino. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos e cantas outras sexan de aplicación.
- b) A cantidade e as características do equipamento deberán estar en función do número de persoas que o teñan que utilizar e deberá permitir o logro dos resultados de aprendizaxe, tendo en conta os criterios de avaliación e os contidos que se inclúen en cada módulo profesional que se imparta nos referidos espazos.

5. A consellería con competencias en materia de educación velará para que os espazos e os equipamentos sexan os adecuados en cantidade e características para o desenvolvemento dos procesos de ensino e aprendizaxe que se derivan dos resultados de aprendizaxe dos módulos correspondentes, co fin de garantir a calidade destas ensinanzas.

### *Artigo 30. Profesorado.*

1. Os módulos profesionais asociados aos bloques comúns serán impartidos:
  - a) Nos centros de titularidade pública, por persoal funcionario dos corpos de catedráticos e catedráticas e de profesorado de ensino secundario dalgunha das especialidades que teñan atribución docente para impartir

calquera das materias incluídas no bloque común correspondente.

b) Nos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas que teñan autorización para impartir estas ensinanzas, por profesorado coa titulación e os requisitos establecidos na normativa vixente para a impartición dalgunha das materias incluídas no bloque común correspondente.

2. Para o resto dos módulos, en cada currículo e en aplicación do regulado en cada título de formación profesional básica, estableceranse:

a) As especialidades do profesorado do sector público ás que se atribúe a impartición dos módulos profesionais correspondentes.

b) As titulacións requiridas para a impartición dos módulos profesionais nos centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas que teñan autorización para impartir estas ensinanzas.

c) Os módulos que poden ser impartidos por profesorado especialista, cando cumpra, segundo o establecido no artigo 95.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. Cando non exista dispoñibilidade de profesores ou profesoras da especialidade correspondente ou de quen estea en posesión das titulacións requiridas para impartir docencia en centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas que teñan autorización para impartir estas ensinanzas, exixirase que as ensinanzas conducentes ás titulacións que se requiran para impartir docencia engloben os resultados de aprendizaxe dos módulos profesionais e, se os devanditos resultados de aprendizaxe non estivesen incluídos, ademais da titulación deberá acreditarse, mediante certificación, unha experiencia profesional ou de docencia de polo menos tres anos vinculada aos módulos correspondentes. No caso dos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II, e Ciencias aplicadas I e II esta experiencia será de docencia nalgunha das materias incluídas en cada un dos bloques comúns.

4. No caso de que o módulo profesional de Comunicación e sociedade I ou o módulo profesional de Comunicación e sociedade II sexan impartidos por un profesor ou unha profesora dunha especialidade diferente a que é propia da Lingua estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 nesta lingua do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

5. Cando os ciclos de formación profesional básica sexan impartidos nunha modalidade bilingüe, o profesorado deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 da lingua correspondente do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

6. A consellería con competencias en materia educativa velará para que o profesorado cumpra os requisitos especificados, co fin de garantir así a calidade destas ensinanzas.

## CAPÍTULO IX

## Atención á diversidade e programas formativos adaptados

### *Artigo 31. Atención á diversidade.*

1. A formación profesional básica organízase de acordo co principio de atención á diversidade dos alumnos e as alumnas e co seu carácter de oferta obrigatoria. As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder á diversidade do alumnado e á consecución dos resultados de aprendizaxe vinculados ás competencias profesionais do título, e responderá ao dereito a unha educación inclusiva que lles permita alcanzar os obxectivos e a titulación correspondente, segundo o establecido na normativa vixente en materia de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social e laboral.

2. A consellería con competencias en materia educativa promoverá medidas metodolóxicas de atención á diversidade que permitan aos centros, no exercicio da súa autonomía, unha organización das ensinanzas adecuada ás características dos alumnos e as alumnas, con especial atención no relativo á adquisición das competencias lingüísticas contidas nos módulos profesionais de Comunicación e sociedade I e II para os alumnos e as alumnas que presenten dificultades na súa expresión oral, sen que as medidas adoptadas supoñan unha minoración da avaliación das súas aprendizaxes.

3. Os centros educativos, respectando os criterios de avaliación dos distintos módulos, adaptarán os tempos e os instrumentos de avaliación ás circunstancias do alumnado con necesidades educativas especiais.

### *Artigo 32. Flexibilización modular na formación profesional básica.*

A flexibilización modular na formación profesional básica regularase segundo o establecido para o resto dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo de Galicia.

### *Artigo 33. Programas formativos para os alumnos e as alumnas con necesidades educativas especiais e específicas de apoio educativo.*

1. Para os efectos de dar continuidade aos alumnos e ás alumnas con necesidades educativas especiais e responder a colectivos con necesidades específicas de apoio educativo, a consellería con competencias en materia de educación poderá establecer e autorizar programas formativos adaptados ás súas necesidades. Estes programas poderán incluír módulos profesionais dun título profesional básico e outros módulos de formación apropiados para a adaptación ás súas necesidades. Esta formación complementaria seguirá a estrutura modular e os seus obxectivos estarán definidos en resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos, segundo o establecido na normativa vixente.

2. Cando se ofrezan módulos incluídos nun título profesional básico, a súa superación terá carácter acumulable para a obtención do devandito título. A superación do resto de módulos non incluídos nun título profesional básico que

formen parte do programa acreditarase mediante certificación académica, e as competencias profesionais así adquiridas poderán ser avaliadas e acreditadas de acordo co procedemento establecido no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.

3. A duración destes programas será variable, segundo as necesidades dos colectivos a quen vaian destinados.

#### *Artigo 34. Accesibilidade universal.*

A consellería con competencias en materia de educación garantirá que o alumnado poida acceder e cursar as ensinanzas de formación profesional que se regulan neste decreto nas condicións establecidas na disposición adicional terceira do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

#### *Disposición adicional primeira. Establecemento dos currículos.*

1. A consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo de cada ciclo formativo conforme o tecido produtivo de Galicia e o establecido con carácter xeral para o conxunto das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia.

2. Segundo o establecido no artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, o currículo destas ensinanzas axustarase ás esixencias derivadas do Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional

#### *Disposición adicional segunda. Axudas individualizadas de transporte escolar.*

A consellería con competencias en materia de educación regulará o uso do transporte escolar polo alumnado de ensinanzas de oferta obrigatoria que cumpra os requisitos para ser considerado, segundo a normativa aplicable, usuario lexítimo do transporte escolar.

Neste sentido, o dito alumnado utilizará as rutas de transporte escolar ou regular actualmente existentes, ata o límite das prazas existentes en cada caso e, de non haber capacidade suficiente nos vehículos contratados ou non existir correspondencia cos itinerarios establecidos, poderá percibir axudas individualizadas de transporte escolar.

#### *Disposición adicional terceira. Distribución horaria.*

Sen prexuízo do establecido nos currículos dos ciclos formativos da formación profesional básica e no calendario escolar de cada curso académico, respectando a distribución por cursos dos módulos profesionais, os centros educativos, no exercicio da súa autonomía, determinarán a distribución horaria semanal dos módulos profesionais e da titoría, cos límites regulados neste decreto e na

normativa que o desenvolva.

Para esta distribución horaria, o centro poderá dispor de ata un 10 % da carga horaria anual do ciclo formativo, sempre e cando a duración de cada módulo non se modifique en máis dun 25 % e non sexa inferior á establecida no real decreto polo que se establece o currículo básico do título.

*Disposición transitoria primeira. Profesorado ao que fai referencia o artigo 93 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, que viñera impartindo módulos formativos de carácter xeral dun Programa de Cualificación Profesional Inicial.*

Os profesores e as profesoras que viñeran impartindo módulos formativos de carácter xeral poderán seguir impartindo os módulos profesionais de Comunicación e sociedade I, e Ciencias aplicadas I no primeiro curso dos ciclos de formación profesional básica, conforme as seguintes condicións:

- a) Quen teña praza asignada mediante oposición ou concurso para impartir os devanditos módulos durante o curso 2013-2014 poderá seguir impartíndoos ata o momento en que se produza o seu cesamento ou perda a condición de empregado público.
- b) Quen impartira os devanditos módulos formativos sen ter praza asignada, poderá seguir impartíndoos durante catro cursos consecutivos a partir do curso 2014-2015.
- c) Quen estivera en posesión dun contrato en vigor de carácter indefinido ou temporal durante o curso 2013-2014 poderán impartir os módulos a que fai referencia esta disposición transitoria ata o momento en que se extinga o devandito contrato.

*Disposición transitoria segunda. Alumnos e alumnas matriculados no curso académico 2013/2014 no primeiro curso dun Programa de Cualificación Profesional Inicial.*

1. O alumno ou a alumna que superara o primeiro curso dun Programa de Cualificación Profesional Inicial durante o curso 2013-2014, poderá realizar no curso académico 2014-2105 o segundo curso do Programa de Cualificación Profesional Inicial.

2. O alumnado matriculado durante o curso académico 2013-2014 no primeiro curso dun Programa de Cualificación Profesional Inicial e que non o superara poderá integrarse no curso académico 2014-2105 no primeiro curso dun ciclo de formación profesional básica.

*Disposición transitoria terceira. Formación profesional dual nos ciclos de formación profesional básica.*

A modalidade de formación profesional dual na formación profesional básica, ata o momento en que se desenvolva a formación profesional dual do sistema educativo establecida no artigo 42.bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase de acordo co establecido para o sistema educativo no Real decreto

1529/2012, do 8 de novembro, coa excepción da duración do tempo de permanencia do alumnado nos centros de traballo, que será en xeral do 25 % da duración total do ciclo formativo, sen que en ningún caso a devandita duración sexa inferior ao 15 %.

*Disposición derradeira primeira. Implantación dos ciclos de formación profesional básica.*

1. Os ciclos de formación profesional básica substituirán progresivamente os programas de cualificación profesional inicial.

2. O primeiro curso dos ciclos de formación profesional básica implantarase no curso escolar 2014-2015, no que se suprimirá a oferta de primeiro curso dos programas de cualificación profesional inicial. Durante este curso escolar, os alumnos e as alumnas que superen os módulos de carácter voluntario obterán o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria.

3. O segundo curso dos ciclos de formación profesional básica implantarase no curso escolar 2015-2016, no que se suprimirá a oferta de segundo curso dos programas de cualificación profesional inicial.

4. De acordo co artigo 30 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a partir do curso escolar 2013-2014 o equipo docente poderá propor aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal, de ser o caso a través do consello orientador, a incorporación do alumno ou da alumna a un ciclo de formación profesional básica cando o grao de adquisición das competencias así o aconselle, sempre que cumpra os requisitos establecidos no artigo 41.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

O consello orientador regulado no artigo 28.7 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio comezará a entregárselle aos pais, ás nais ou ás persoas que teñan a tutoría legal de cada alumno ou alumna ao final do curso escolar 2013-2014.

*Disposición derradeira segunda. Modificación de la implantación de ensinanzas de formación profesional.*

Atendendo ao establecido na disposición adicional sexta do Real decreto 127/2014, os ciclos de grao medio e de grao superior de formación profesional cuxa implantación estivera prevista para o curso escolar 2014-2015 implantaranse no curso 2015-2016. Non obstante, a consellería con competencias en materia de educación poderá anticipar esa implantación.

*Disposición derradeira terceira. Desenvolvemento normativo.*

Os aspectos non recollidos neste decreto e que son de aplicación ao resto de ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia seranlle de aplicación tamén á formación profesional básica, cando non se opoñan ao establecido neste decreto.

Autorízase a persoa titular de la consellería con competencias en materia de educación a ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e o



desenvolvemento do establecido neste decreto.

*Disposición derradeira cuarta. Entrada en vigor.*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, █ de █ de dous mil catorce.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria